

ESTE DOCUMENTO SUBSTITÚE TODO O REFERIDO Á AVALIACIÓN QUE FIGURABA NA PROGRAMACIÓN ENTREGADA A PRINCIPIO DE CURSO

Modificacións da programación de Lingua galega e Literatura para adaptarse aos cambios na lexislación

AVALIACIÓN ESO

A avaliación é un elemento fundamental e inseparable da práctica educativa, que permite recoller, en cada momento, a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto do proceso de ensino-aprendizaxe. Por tanto, non se pode circunscribir a un só aspecto ou momento, senón que se debe estender ao longo de todo o proceso educativo de forma global e sistemática; por unha parte, indicando que estándares se conseguen e cales non, e, por outra, en que grao de profundidade e onde, como, cando e por que se producen os problemas ou erros.

Os criterios de cualificación e instrumentos de avaliación concretados nos estándares de aprendizaxe son a referencia para avaliar os contidos programados.

Os principios nos que se baseará a avaliación son os seguintes:

- Que sexa un medio, non un fin en si mesma.
- Que constitúa un proceso continuo, progresivo e sistemático.
- Que atenda ás diferenzas individuais.
- Ter flexibilidade ao elixir as probas.
- Debe basearse en criterios claros e o máis obxectivos posibles.
- Hai que dotala dun mínimo de requisitos para a súa realización.
- Debe tratar aspectos cualitativos e cuantitativos.
- Propiciar ao seu termo o proceso de reorganización específico e global (*feed-back*).

Avaliación inicial: 1º ESO a 4º ESO.

A avaliación, continua e individualizada, comeza ao inicio do proceso educativo. Para iso considérase necesaria unha avaliación inicial de cada alumno/a: dos seus coñecementos previos, actitudes e capacidades. Desta maneira, obteremos información sobre a súa situación actual e poderemos adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe ás súas posibilidades. Este ano e polas especiais circunstancias que se viviron nos cursos pasados resulta aínda máis necesaria e deberá ser máis exhaustiva.

A proba inicial constará de preguntas tipo test, análise de textos e redacción e terase tamén en conta a observación directa do alumnado na aula e as memorias dos departamentos e os informes individualizados do alumnado.

Os resultados serán analizados de forma conxunta polo profesorado do grupo nas reunións de preavaliación ao principio de curso.

Procedemento avaliación continua.

Para a avaliación procesual, continua e formativa, basearémonos na observación sistemática do alumnado:

- ❖ Intervencións orais en clase: valorarase o interese por expresar a propia opinión, o respecto polas opinións dos demais, a riqueza de vocabulario, a capacidade de relacionar conceptos e a coherencia na expresión.
- ❖ Traballos escritos: Os comentarios e reflexións sobre os textos permitirán descubrir progresos e dificultades.
- ❖ Actividades de investigación: valorarase a actitude de interese e curiosidade, a variedade das fontes utilizadas, o cumprimento dos prazos na entrega, a orixinalidade e creatividade.
- ❖ Actividades de creación: terase en conta o interese, a orixinalidade, a organización do traballo, a corrección expresiva e ortográfica.

- ❖ Probas obxectivas escritas: constituirán un elemento máis a ter en conta, moi apropiado para analizar a correcta comprensión dos conceptos traballados.

Instrumentos de avaliación.

1º ESO a 4º ESO

| a) Para as avaliacións parciais | |
|--|--|
| PROCEDEMENTOS | INSTRUMENTOS |
| Probas escritas | <ul style="list-style-type: none"> - Análise e comentario de textos - Resolución de exercicios - Resposta a preguntas concretas de gramática e literatura - Elaboración de resumes ou esquemas - Aplicación das normas ortográficas - Controis de lectura das obras obrigatorias |
| Traballos individuais | <ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de diferentes tipos de textos e pequenos traballos de investigación. |
| Probas orais | <ul style="list-style-type: none"> - Resposta a preguntas - Lectura expresiva - Presentacións |
| Traballo na aula | <ul style="list-style-type: none"> - Caderno do alumno/a - Saídas á pizarra - Participación, colaboración e actitude - Autoavaliación (corrección por parte do alumnado dos seus propios traballos) |
| Observación e rexistro | <ul style="list-style-type: none"> - Caderno do profesor: rexistro e observación continua e sistemática do ambiente de traballo e participación do alumno. |

b) Para a avaliación final ordinaria

| PROCEDEMENTOS | INSTRUMENTOS |
|---------------|---|
| Proba escrita | <ul style="list-style-type: none">- Análise e comentario de textos- Resolución de exercicios- Resposta a preguntas concretas de gramática e literatura- Elaboración de resumos ou esquemas <p>- Aplicación das normas ortográficas</p> |

Criterios de cualificación.

O alumnado será avaliado polo profesor correspondente ao longo do curso, dividido en tres avaliacións máis a final ordinaria.

Á hora de cualificar teranse en conta todas as actividades feitas polo alumnado, a súa atención na clase, a participación nos traballos que se lles encomenden, así como o interese e o esforzo persoal. Obteranse, deste modo, moitos puntos de referencia para as cualificacións finais, non só circunscritas aos resultados dos exames.

| Instrumentos de avaliación | Observacións | Ponderación |
|----------------------------|---|--|
| Probas escritas (exames) | <p>A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas. (1)</p> <p>MOI IMPORTANTE:</p> <p>-Se se sorprende a algún alumno ou alumna usando métodos fraudulentos, a cualificación nesa proba será 0.</p> <p>-As ausencias ás probas terán que xustificarse documentalmente. En caso contrario, non poderán realizarse outro día e a cualificación nesa proba será 0.</p> | <p>1º e 2º de ESO: 80%</p> <p>3º e 4º de ESO 80%</p> |

| | | |
|--|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> • Exercicios (actividades realizadas na aula ou na casa) • Cadro de observacións e rexistro de incidencias da actitude do alumno/a na aula (caderno da profesora) | <p>Valorarase tanto o contido coma a expresión escrita.</p> <p>(2)</p> | <p>1º e 2º de ESO: 10% (3)</p> <p>3º e 4º de ESO 10% (4)</p> |
| <ul style="list-style-type: none"> • Control de lectura (1) | | <p>1º e 2º de ESO: 10%</p> <p>3º e 4º de ESO 10%</p> |

(1) A valoración dos exercicios de cada proba farase de acordo cos criterios que figuren na mesma, tendo en conta a ponderación dos estándares fixados na programación didáctica.

As faltas de ortografía serán tidas en conta: faltas leves (-0,05), faltas graves (-0,10) e moi graves (-0,25). O desconto total por faltas non superará os 2 puntos.

(2) Na valoración dos traballos terase en conta:

- Presentación.
- Redacción.
- Puntualidade. Non se recollerán os traballos fóra de prazo.

(3) O 10% adxudicado a este apartado dividirase en 5% para a actitude manifestada na aula e 5% para o traballo realizado polo alumnado.

(4) O 10% adxudicado a este apartado dividirase en 5% para a actitude manifestada na aula e 5% para as actividades realizadas polo alumnado.

Redondeo da cualificación

Cando o resultado da cualificación, aplicando as porcentaxes que se indican anteriormente, sobrepase a unidade en 50 décimas ou menos redondearase á

unidade anterior e cando sobrepase as 50 décimas, a cualificación será a unidade superior.

Como se recupera unha avaliación non superada?

Como os contidos que se traballan ao longo do curso teñen un desenvolvemento continuo, non se realizarán en principio probas de recuperación trimestral e considérase que a materia se recupera se o alumno supera as probas do seguinte trimestre, nas que poden figurar actividades referidas á materia traballada nos trimestres anteriores. En caso contrario, poderá realizar unha proba de recuperación final no mes de xuño .

Procedemento de avaliación final.

A cualificación da avaliación final ordinaria (xuño) será o resultado da cualificación da terceira avaliación ou do exame final, se non supera a materia nas outras probas, tendo en conta sempre a traxectoria e evolución do alumno/a.

O alumnado que non supere a 3ª avaliación parcial terá que presentarse a unha proba escrita, na que entrarán contidos traballados ao longo do curso académico, e a nota que conste na avaliación final ordinaria será a obtida nesa proba, que terá unha ponderación do 100%.

Procedemento de recuperación e avaliación de pendentes.

1º ESO a 4º ESO

Plan de traballo e instrumentos de avaliación.

Ao comezo do curso, a profesora do grupo correspondente entregalle ao alumnado coa materia pendente as indicacións necesarias para

planificar o traballo: calendario coas distintas probas, reparto de materia por avaliacións, orientación para o estudo dos temas...

Durante o curso realizaranse tres probas escritas, correspondentes a cada unha das avaliacións, coa finalidade de que as familias teñan información sobre o proceso de recuperación.

No mes de maio, para o alumnado que non superase as probas parciais, celebrarase unha proba escrita semellante á do alumnado matriculado no curso correspondente. A profesora que lle imparte a materia no curso actual estará a disposición do alumnado para solucionar as dúbidas que se poidan presentar.

Criterios de cualificación.

A cualificación mínima para considerar superada a materia é un cinco. Empregaranse os mesmos criterios de cualificación que para o resto do alumnado.

Procedemento de avaliación final ordinaria

O alumnado que obteña unha cualificación negativa na 3ª avaliación parcial terá que realizar unha proba escrita, na que entrarán contidos traballados ao longo de todo o curso, antes da avaliación final ordinaria. A cualificación será a nota obtida en dita proba, que terá unha ponderación do 100%.

Actividades de reforzo e recuperación a realizar no mes de xuño

Unha vez realizada a 3ª avaliación parcial e ata a data de finalización das clases, co alumnado que non superou a materia levaranse a cabo actividades de recuperación encamiñadas a preparar a proba final. Consistirán en:

. Repaso de teoría

- . Exercicios de gramática
- . Elaboración de resumos, esquemas...
- . Lectura e comprensión de textos

O alumnado que teña o curso superado realizará estas mesmas actividades para asentar as aprendizaxes.

Avaliación 1º BAC

| a) Para as avaliacións ordinarias | |
|--|---|
| PROCEDEMENTOS | INSTRUMENTOS |
| Probas escritas | <ul style="list-style-type: none"> - Un ou dous exames por avaliación, que constarán de preguntas sobre gramática, léxico e literatura. En caso de facer dúas probas por avaliación, o profesor pode pactar co alumnado a división da materia. - Proba do libro de lectura. - Poderanse realizar exercicios de control puntuais. |
| Traballos individuais | <ul style="list-style-type: none"> - Comentarios de texto literario. - Textos elaborados polos alumnos coas indicacións do profesor: narracións, descricións, de investigación, etc. - Participación activa nas actividades propostas polo Departamento. |
| Traballos en grupo | <ul style="list-style-type: none"> - Traballos de busca de información e síntese. - Participación activa nas actividades propostas polo departamento. - Entrevistas. - Estas actividades realizaranse on-line |
| Probas orais | <ul style="list-style-type: none"> - Non se realizarán probas específicas, a non ser que algún alumno se negue a utilizar a lingua. - Poderase utilizar este recurso para valorar o grao de comprensión do libro de lectura. |
| Traballo na aula | <ul style="list-style-type: none"> - Resolución de exercicios. - Realización das tarefas propostas polo profesor na aula. - Atención e concentración. - Interese por aprender. - Hábito de traballo do alumno. - Regularidade na realización dos deberes. - Coidado e bo uso do material. - Trae ou non material. |

| | |
|--|--|
| b) Para a avaliación extraordinaria | |
| PROCEDEMENTOS | INSTRUMENTOS |
| Proba escrita | <p>A proba extraordinaria constará dun único exame que conterá preguntas dos contidos vistos ao longo do curso. Estas preguntas poden ser:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Resolución de exercicios de gramática. - Definición de palabras do léxico estudado. - Redacción de respostas sobre un tema teórico de lingua/literatura. - Comentario dun texto dun autor visto. - Esquemas. - Redacción dun tipo determinado de texto: narrativo, dialogado, argumentativo... |

Criterios de cualificación.

O alumnado será avaliado polo profesor correspondente ao longo do curso, dividido en tres avaliacións.

Á hora de cualificar teranse en conta todas as actividades feitas polo alumno, a súa atención na clase, a participación nos traballos que se lles encomenden, así como o interese e o esforzo persoal. Obteranse, deste modo, moitos puntos de referencia para as cualificacións finais, non só circunscritas aos resultados dos exames.

| Instrumentos de avaliación | Observacións | Ponderación |
|-----------------------------------|--|--------------------|
| Probas escritas (exames) | <p>A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas. (1)</p> <p>MOI IMPORTANTE:</p> <p>-Se se sorprende a algún alumno ou alumna usando métodos fraudulentos, a cualificación nesa proba será 0.</p> | BAC: 80% |

| | | |
|---|---|----------------------------|
| | -As ausencias ás probas terán que xustificarse documentalmente. En caso contrario, non poderán realizarse outro día. | |
| <ul style="list-style-type: none"> • Exercicios (actividades realizadas na aula ou na casa) • Cadro de observacións e rexistro de incidencias da actitude do alumno na aula (caderno do profesor) | <p>Valorarse tanto o contido coma a expresión escrita.</p> <p>(2)</p> | <p>BAC: 10%</p> <p>(3)</p> |
| <ul style="list-style-type: none"> • Control de lectura (1) | | <p>BAC: 10%</p> |

(1) A valoración dos exercicios de cada proba farase de acordo cos criterios que figuren na mesma, tendo en conta a ponderación dos estándares fixados na programación didáctica.

As faltas de ortografía serán tidas en conta: faltas leves (-0,05), faltas graves (-0,10) e moi graves (-0,25). O desconto total por faltas non superará os 2 puntos.

(2) Na valoración dos traballos terase en conta:

- Presentación.
- Redacción.
- Puntualidade. Non se recollerán os traballos fóra de prazo.

(3) O 10% adxudicado a este apartado dividirase en 5% para a actitude manifestada na aula e 5% para o traballo realizado polo alumnado

Como se recupera unha avaliación non superada?

Como os contidos que se traballan ao longo do curso teñen un desenvolvemento continuo, non se realizarán en principio probas de recuperación trimestral e considérase que a materia se recupera se o alumno supera as probas do seguinte trimestre.

Procedemento de avaliación final ordinaria

A cualificación da avaliación ordinaria será o resultado da cualificación da terceira avaliación, tendo en conta sempre a traxectoria e evolución do alumno/a.

Procedemento de avaliación extraordinaria.

O único procedemento para recuperar a cualificación negativa obtida na avaliación final ordinaria é a realización dunha proba escrita no período de recuperación extraordinario. A cualificación será a nota obtida en dita proba, que terá unha ponderación do 100%.

Redondeo da cualificación

Cando o resultado da cualificación, aplicando as porcentaxes que se indican anteriormente, sobrepase a unidade en 50 décimas ou menos redondearase á unidade anterior e cando sobrepase as 50 décimas, a cualificación será a unidade superior.

Actividades de reforzo e recuperación a realizar no mes de xuño

Unha vez realizada a 3ª avaliación parcial e ata a data de finalización das clases, ao alumnado que non superou a materia propoñeránselle actividades de recuperación encamiñadas a preparar a proba final. Consistirán en:

- . Repaso de teoría
- . Exercicios de gramática
- . Elaboración de resumos, esquemas...
- . Lectura e comprensión de textos.
- . Comentarios de texto.

O alumnado que teña o curso superado realizará estas mesmas actividades para asentar as aprendizaxes.

2º BAC - AVALIACIÓN

| b) Para as avaliacións ordinarias | |
|--|--|
| PROCEDEMENTOS | INSTRUMENTOS |
| Probas escritas | <ul style="list-style-type: none"> - Un ou dous exames por avaliación, que constarán de preguntas sobre gramática, léxico, literatura, sociolingüística e elaboración de textos. En caso de facer dúas probas por avaliación, o profesor pode pactar cos alumnos a división da materia. - Proba do libro de lectura. - Poderanse realizar exercicios de control puntuais. |
| Traballos individuais | <ul style="list-style-type: none"> - Comentarios de texto literario. - Textos elaborados polos alumnos coas indicacións do profesor: narracións, descricións, de investigación, etc. - Participación activa nas actividades propostas polo Departamento. |
| Traballos en grupo | <ul style="list-style-type: none"> - Traballos de busca de información e síntese. - Participación activa nas actividades propostas polo departamento. - Entrevistas. - Estes traballos realizaranse on-line. |
| Probas orais | <ul style="list-style-type: none"> - Non se realizarán probas específicas, a non ser que algún alumno se negue a utilizar a lingua. - Poderase utilizar este recurso para valorar o grao de comprensión do libro de lectura. |
| Traballo na aula | <ul style="list-style-type: none"> - Resolución de exercicios. - Realización das tarefas propostas polo profesor |

| | |
|--|---|
| | na aula. <ul style="list-style-type: none"> - Atención e concentración. - Interese por aprender. - Hábito de traballo do alumno. - Regularidade na realización dos deberes. - Coidado e bo uso do material. - Trae ou non material. |
|--|---|

| | |
|--|---|
| b) Para a avaliación extraordinaria | |
| PROCEDEMENTOS | INSTRUMENTOS |
| Proba escrita | A proba extraordinaria constará dun único exame que conterá preguntas dos contidos vistos ao longo do curso. Estas preguntas poden ser: <ul style="list-style-type: none"> - Resolución de exercicios de gramática. - Definición de palabras do léxico estudado. - Redacción de respostas sobre un tema teórico de lingua/literatura. - Comentario dun texto dun autor visto. - Esquemas. - Redacción dun tipo determinado de texto: narrativo, dialogado, argumentativo... |

Criterios de cualificación.

O alumnado será avaliado pola profesora correspondente ao longo do curso, dividido en tres avaliacións.

Á hora de cualificar teranse en conta todas as actividades feitas polo alumno/a, a súa atención na clase, a participación nos traballos que se lle encomende, así como o interese e o esforzo persoal. Obteranse, deste modo, moitos puntos de referencia para as cualificacións finais, non só circunscritas aos resultados dos exames.

| Instrumentos de avaliación | Observacións | Ponderación |
|--|--|-------------|
| Probas escritas (exames) | <p>A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas distintas probas. (1)</p> <p>MOI IMPORTANTE:</p> <p>-Se se sorprende a algún alumno ou alumna usando métodos fraudulentos, a cualificación nesa proba será 0.</p> <p>-As ausencias ás probas terán que xustificarse documentalmente. En caso contrario, non poderán realizarse outro día e a cualificación nesa proba sería 0.</p> | BAC: 80% |
| <ul style="list-style-type: none"> • Control das lecturas obrigatorias • Exercicios (actividades realizadas na aula ou na casa) • Cadro de observacións e rexistro de incidencias da actitude do alumno na aula (caderno do profesor) | <p>Valorarse tanto o contido coma a expresión escrita.</p> <p>(2)</p> | BAC: 20% |

(1) A valoración dos exercicios de cada proba farase de acordo cos criterios que figuren na mesma, tendo en conta a ponderación dos estándares fixados na programación didáctica.

As faltas de ortografía serán tidas en conta: faltas leves (-0,05), faltas graves (-0,10) e moi graves (-0,25). O desconto total por faltas non superará os 2 puntos.

(2) Na valoración dos traballos terase en conta:

- Presentación.
- Redacción.
- Puntualidade. Non se recollerán os traballos fóra de prazo.

Como se recupera unha avaliación non superada?

Como os contidos que se traballan ao longo do curso teñen un desenvolvemento continuo, non se realizarán en principio probas de recuperación trimestral e considérase que a materia se recupera se o alumno supera as probas do seguinte trimestre. En caso contrario, poderá realizar unha proba de recuperación final de toda a materia do curso no mes de maio (antes da avaliación final ordinaria) .

Procedemento de avaliación final.

A cualificación da avaliación ordinaria (maio) será o resultado da cualificación da terceira avaliación, tendo en conta sempre a traxectoria e evolución do alumno ou alumna, ou da proba de recuperación final, caso de ter que realizala.

Procedemento de avaliación extraordinaria.

O único procedemento para recuperar a cualificación negativa obtida na avaliación final ordinaria é a realización dunha proba escrita no período de extraordinario de recuperación. A cualificación será a nota obtida en dita proba.

Redondeo da cualificación

Cando o resultado da cualificación, aplicando as porcentaxes que se indican anteriormente, sobrepase a unidade en 50 décimas ou menos redondearase á unidade anterior e cando sobrepase as 50 décimas, a cualificación será a unidade superior.

Actividades de reforzo e recuperación a realizar no mes de xuño

Unha vez entregadas as cualificacións da avaliación final ordinaria, o alumnado realizará actividades de repaso, o que superou o curso poderá continuar asistindo a clase para preparar as probas ABAU, e ao que que ten a materia pendente propoñeránselle actividades de recuperación encamiñadas a preparar a proba final. Consistirán en:

- . Repaso da teoría de literatura e sociolingüística.
- . Comentarios de textos.
- . Elaboración de textos argumentativos.
- . Repaso de gramática.

Procedemento de recuperación e avaliación de pendentes.

1º Bac

Plan de traballo e instrumentos de avaliación.

Ao comezo do curso, a profesora do grupo correspondente entregaralle ao alumnado coa materia pendente as indicacións necesarias para planificar o traballo: calendario coas distintas probas, reparto de materia por avaliacións, orientación para o estudo dos temas...

Durante o curso realizaranse tres probas escritas, correspondentes a cada unha das avaliacións, coa finalidade de que as familias teñan información sobre o proceso de recuperación.

No mes de maio, para o alumnado que non superase as probas parciais, celebrarase unha proba escrita semellante á do alumnado matriculado no curso correspondente. A profesora que lle imparte a materia no curso actual estará a disposición do alumnado para solucionar as dúbidas que se poidan presentar.

Criterios de cualificación.

A cualificación mínima para considerar superada a materia é un cinco. Empregaranse os mesmos criterios de cualificación que para o resto do alumnado.

Procedemento de avaliación extraordinaria.

O único procedemento para recuperar a cualificación negativa obtida na avaliación final ordinaria é a realización dunha proba escrita. A cualificación será a nota obtida en dita proba.

Lugo, 7 de abril de 2022

Élida Marta Álvarez González

Consuelo Burgo Fernández

M^a Teresa Núñez Núñez